

CIG - saúde



INFORMA

Diante dos constantes indicios, así como comentarios, sobre unha suposta filtración no proceso selectivo de OPE do SERGAS, e afectando a varias categorías, que desde CIG-Saúde foron postos en coñecemento da Dirección de Recursos Humanos do SERGAS no que se refire a persoal deste departamento, facéndose tamén denuncia pública, sen que se puxese en marcha proceso de investigación ningún, e sen que se clarificase se existiron ou non filtracións das preguntas dos exercicios de PSX, Auxiliar Administrativo e D.U.E. entre outras, dirixímonos á afiliación de CIG-Saúde para poñer á súa disposición, para aquelas persoas que así o precisaren, da Asesoría Xurídica da organización de cara a consultar e asesorarse no tocante a este tema e emprender as accións legais que, de ser o caso, se consideren oportunas.

Do mesmo xeito, consideramos ineludíbel, e así llo fixemos chegar á Conselleira de Sanidade, a apertura dun grupo de traballo que comece a elaborar os criterios necesarios para garantir a transparencia e o respecto polos principios de igualdade, mérito e capacidade nos procesos vindeiros. Para iso, desde CIG-Saúde propoñemos desde xa a asunción das seguintes premisas, a ser desenvolvidas no grupo de traballo que estamos a solicitar:

1. Composición acaida dos tribunais, con membros de, como mínimo, a titulación requerida para o acceso á categoría que se avalía, e coa capacidade e formación necesarias para a correcta redacción das preguntas, de ser o caso. Asemade, os/as membros dos tribunais deberán ser formados/os en canto ás bases do proceso, (convocatoria, baremos, etc...) e toda a lexislación aplicable. Elaborarase ademais como apoio unha guía de procedemento sobre as bases correspondentes.
2. Imposibilidade de que todos/as os/as membros dos tribunais coñezan o contido completo dos exercicios, senón unicamente as preguntas propias.
3. Elaboración dunha ampla bolsa de preguntas suficientemente contrastadas e adaptadas ao temario de cada categoría, da que se extraían aleatoriamente e en datas inmediatamente anteriores ao exercicio o número necesario para o mesmo.
4. Publicación, ben dunha bibliografía referida, ben dun temario específico (elaborado por comisións redactoras onde figuraran profesionais de recoñecido prestixio, profesores/as universitarios/as, membros de sociedades científicas, etc...) a fin de que serviran como referencia tanto para elaborar as preguntas os tribunais como para o estudo, no caso dos/as aspirantes.
5. Elaboración duns criterios mínimos de organización do acto único de realización de exercicios, onde se contemplen as diversas casuísticas que se poden dar, para evitar a improvisación e a desorganización no momento de celebración dos mesmos.

Compostela, 30 de abril de 2010

Executiva CIG-Saúde